

INFORMACIÓN SOBRE O PRIMEIRO EXAME DA SEGUNDA AVALIACIÓN

- **Materia que entra:** entra o Tema 4 na súa totalidade e os catro primeiros apartados do Tema 5 (ata a páxina 99).
- **TEMA 4. OS MOVEMENTOS DE POBOACIÓN**
- No exame haberá unha pregunta con **definicións**. Prestade especial atención a algunhas das definicións que traballamos en aulas: **migracións, inmigración, emigración, migrante, multiculturalidade, integración ou éxodo rural**.
- Debedes saber as **causas** e as **consecuencias** das migracións e tamén saber explicar cada unha delas.
- Prestade atención á **historia dos fluxos migratorios mundiais**, no pasado e no presente. Tamén ás migracións en **Europa** e a emigración e inmigración en **España**. (fases, orixe, destino, causas e consecuencias). Lembrade os esquemas que fixemos en aulas e que tendes no **dossier**.
- Se estudades polos resumos que están na **aula virtual** e os cadernos de actividades chegaría. En calquera caso, o libro sempre é un apoio importante.
- **TEMA 5. O SECTOR PRIMARIO**
- Prestade atención a conceptos como (**sector primario, secaño, regadío, monocultivo, policultivo, intensivo, extensivo etc**)
- Lembrade as actividades que comprende o sector primario: a agricultura, a gandería, a pesca e o aproveitamento forestal.
- É importante saber as diferenzas entre o sector primario nos países desenvolvidos e menos desenvolvidos (**p.92**). Tamén é importante saber as diferenzas entre os sistemas agrarios tradicionais e os de mercado (**p.99**).
- Lede con atención os **factores que inflúen nas actividades agrarias**, xa que haberá unha pregunta de verdadeiro e falso parecida ao do dossier.
- É importante que saibades distinguir as diferenzas entre o espazo rural, agrario e agrícola.
- Pode sair unha **fotografía** onde teredes que **sinalar e xustificar** se estamos ante un poboamento concentrado, intercalado ou disperso.
- Así mesmo é probable que haxa unha pregunta como a do **exercicio 41 da páxina 108** onde teñades que observar unha paisaxe e sinalar os seguintes apartados: tamaño, forma, límites, uso, secaño ou regadío, monocultivo ou policultivo, intensivo ou extensivo.

ESTUDEDE E ÁNIMO A TODOS E TODAS!!!!